Aqueles alumnos que non se sometan á avaliación continua, a proba a realizar, modalidade avaliación final, constará de dúas partes: por unha banda, a realización dun exame escrito teórico que consta de 6 preguntas de desenvolvemento e un exame tipo test de 30 preguntas, e, doutra banda, a resolución dun caso práctico. O exame escrito teórico (é dicir as 6 preguntas de desenvolvemento e exame tipo test) cualificarase sobre un máximo de 8 puntos □ máximo 6 puntos para as preguntas de desenvolvemento e máximo 2 puntos para o test - e a resolución do caso práctico sobre un máximo de 2 puntos. A nota da resolución do caso práctico só se engadirá ao exame escrito teórico sempre que a calificación obtida nela sexa igual ou superior a 4 puntos. En todo caso, as competencias e resultados de aprendizaxe avaliados serán as mesmas que no sistema de avaliación dos asistentes.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 2ª EDICIÓN DE ACTAS E FIN DE CARREIRA

1. Os alumnos que, optando polo sistema de avaliación continua non superen a materia na primeira oportunidade, conserváraselles a nota que obtivesen na avaliación continua cando se presenten á segunda oportunidade (exame de xuño e no seu caso, seguinte curso académico), tendo que realizar exclusivamente e con carácter obrigatorio, a parte teórica do exame que consistirá, do mesmo xeito que na primeira oportunidade, en preguntas de desenvolvemento que representan o 40% da nota. Así mesmo, só se sumará a calificación obtida nas probas de avaliación continu, sempre o cando a nota alcanzada no exame sea igual ou superior a dous puntos. En todo caso, as competencias e resultados de aprendizaxe avaliados serán os mesmos que na primeira edición de actas.

2. Aqueles alumnos que **opten polo sistema de avaliación final**, o sistema avaliación serán o mesmo que se establece na primeira edición de Actas

3. A avaliación correspondente á **Convocatoria Fin de Carreira** será igual que a da modalidade de sistema de avaliación final descrita nesta guía.

As datas, horarios e lugar de realización das probas de avaliación das diferentes convocatorias serán os sinalados no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para presente curso académico e documentación concordante.

Publicación das cualificacións: As cualificacións se publicaranse na plataforma moovi con acceso limitado ao profesorado

da materia e a todo o alumnado matriculado.

As tutorías do profesorado da materia poden solicitarse no seguinte enlace <http://dereito.uvigo.es/es/docencia/profesorado/maria-belen-sanchez-ramos/>

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

Díez de Velasco, M, **Instituciones de Derecho Internacional Público**, Última edición,

Díez de Velasco, M, **Las Organizaciones Internacionales**, Última edición,

Sobrino Heredia, JM, **Textos para el estudio del Derecho Internacional Público, del Derecho de la Unión Europea y el Derecho Internacional de los espacios**, 2016,

Complementary Bibliography

Carrillo Salcedo, J.A, **El Derecho Internacional en perspectiva histórica**, 1991,

Pastor Ridruejo, J.A, **Curso de Derecho Internacional Público y Organizaciones Internacionales**, Última edición,

Andrés Sáenz de Santa María, P, **Sistema de Derecho Internacional Público**, Última edición,

Remiro Brotons y otros, **Derecho Internacional. Curso General**, 2010,

Sánchez, V.M, **Derecho Internacional Público**, Última Edición,

Jiménez Piarnas, C, **Introducción al Derecho Internacional Público. Práctica de España y de la Unión Europea**, Última edición,

Casanovas,O; Rodrigo,A, **Compendio de Derecho Internacional Público**, Última edición,

Casado Raigon, R, **Derecho Internacional. Parte General**, Última edición,

Beneyto, J.M.; Jiménez Piarnas, C, **Concepto y Fuentes del Derecho Internacional**, 2022,

Recomendacións

Subjects that continue the syllabus

Unión Europea, constitución e medio ambiente/O03G081V01913

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Dereito da Unión Europea/O03G081V01304

Other comments

Para a preparación desta materia recoméndase o manual do Prof. Díez de Velasco e a Recopilación de textos do Prof. Sobrino Heredia

IDENTIFYING DATA				
Dereito da Unión Europea				
Subject	Dereito da Unión Europea			
Code	003G081V01304			
Study programme	Grao en Dereito			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Mandatory	2	1c
Teaching language	Castelán Galego			
Department	Dereito público			
Coordinator	Riquelme Vázquez, Pablo			
Lecturers	Riquelme Vázquez, Pablo Vilas Villamarín, Andrés			
E-mail	priquelme@uvigo.es			
Web				
General description	O estudo desta materia permitirá ao estudante coñecer mellor a súa condición de cidadán europeo e, sobre todo, ampliará a súa comprensión da dimensión xurídica da Unión Europea. Isto último permitiralle constatar a importancia que pode alcanzar o dereito nos procesos de integración.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Code	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
B2	Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual
B3	Ser capaz de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C37	CE45 - Coñecer a estrutura organizativa e institucional da UE, así como o Ordenamento xurídico comunitario e as súas fontes e incidencia no ordenamento nacional así como as súas relacións co ordenamento xurídico internacional
C38	CE46 - Ser capaz de manexar e interpretar o ordenamento xurídico comunitario
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.
D3	Capacidade para a toma de decisións de forma autónoma e independente de liderado e capacidade para o traballo cooperativo en equipo, como habilidades nas relacións interpersoais que favorezan a eficacia interpersoal.
D4	Capacidade de comportarse de maneira ética e con responsabilidade social como cidadán e como profesional, respectando a diversidade e multiculturalidade.
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

Resultados previstos na materia

Expected results from this subject	Training and Learning Results			
	A1	B1	C37	D1
A finalidade desta materia é que o alumno coñezca a súa condición de cidadano europeo e comprenda a dimensión xurídica da Unión Europea	A2	B2	C38	D3
	A3	B3		D4
	A4	B4		D5
	A5			

Contidos

Topic

Tema 1. Orixe e evolución histórica da Unión Europea	1. Antecedentes históricos da UE 2. O proceso de profundización da UE: la revisión de los Tratados comunitarios 3. A adhesión de novos Estados
Tema 2. A especificidade do fenómeno comunitario fronte o ordenamiento internacional	1. Configuración xurídica: a UE como Organización Internacional 2. Valores, obxectivos e principios 3. O sistema de competencias
Tema 3. A especificidade do Dereito da Unión Europea fronte ó dereito interno (I)	1. A integración europea no marco das formas de Estado 2. O "Dereito orixinario" da UE e o concepto de Constitución
Tema 4. A especificidade do Dereito da Unión Europea fronte ó dereito interno (II)	1. Bases constitucionais da pertencencia á Unión Europea 2. A pertencencia á UE e as súas consecuencias sobre o sistema constitucional de fontes do Dereito 3. A pertencencia á Unión Europea e as súas consecuencias sobre a organización territorial do Estado español
Tema 5. Sistema institucional da UE (I)	1. Consideracións xerais: principios e medios 2. O Consello Europeo 3. O Consello
Tema 6. Sistema institucional da UE (II)	1. O Parlamento Europeo 2. A Comisión 3. Outras institucións e órganos
Tema 7. Ordenamento xurídico da UE (I)	1. O Dereito orixinario 2. O Dereito derivado 3. O proceso de formación do Dereito derivado
Tema 8. Ordenamento xurídico da UE (II)	1. As relacións entre o Dereito da UE e os Dereitos internos dos Estados membros 2. Os principios de efecto directo, primacía e responsabilidade do Estado 3. Desenvolvemento e execución do Dereito da UE
Tema 9. Sistema xudicial da UE	1. O Tribunal de Xustiza da UE: organización e funcionamento 2. Sistema de recursos ante o TJUE 3. A cuestión prexudicial: cooperación entre o TJUE e o xuíz nacional
Tema 10. A Aplicación do dereito da Unión Europea (I): Dereitos humanos e cidadanía europea	1. O proceso de incorporación dos Dereitos no Dereito da UE 2. A Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea 3. A cidadanía europea
Tema 11. A aplicación do dereito da Unión Europea (II): As liberdades fundamentais do mercado interior	1. O proceso de integración económica 2. A libre circulación de mercancías e capitais 3. A libre circulación de persoas e servizos
Tema 12. A Aplicación do dereito da Unión Europea (II): As políticas da UE	1. As políticas comúns da Unión 2. As políticas compartidas da Unión 3. As políticas nas que a Unión dispón de competencias de cooperación, apoio, complemento ou axuda
Tema 13. Acción Exterior da UE: Política exterior e de seguridade común	1. A personalidade internacional da UE 2. As competencias internacionais da UE 3. A Política exterior e de seguridade común
Tema 14. Espazo de liberdade, seguridade e xustiza: tutéla xudicial e procesal na Unión Europea	1. Proceso de constitución do Espazo de liberdade, seguridade e xustiza 2. Control de fronteiras, asilo e inmigración 3. Cooperación xudicial civil e penal 4. Cooperación policial en materia penal

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Resolución de problemas	19	13	32
Lección maxistral	33	62	95
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	9	9
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2
Traballo	0	10	10

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Resolución de problemas	Esta actividade consistirá na resolución de casos prácticos, comentarios de sentenza ...que serán obxecto de presentación na aula
Lección maxistral	Nas sesións maxistrais presentarase e explicarase ao alumno os aspectos principais da disciplina

Atención personalizada

Methodologies	Description
Lección maxistral	Na sesión maxistral explicaranse as cuestións fundamentais da materia. Calquera dúbida pode ser consultada tanto na aula como nos horarios de tutoría que se publicarán na páxina web da facultade e que se realizarán virtualmente. As sesións de titorización poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, foros da plataforma de teledocencia ...) baixo a modalidade de concertación previa.
Resolución de problemas	Orientarase ao alumnado na resolución das actividades propostas. As sesións de titorización poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, foros da plataforma de teledocencia ...) baixo a modalidade de concertación previa.

Avaliación				
	Description	Qualification	Training and Learning Results	
Exame de preguntas de desenvolvemento	Os coñecementos adquiridos na sesión maxistral serán avaliados mediante unha proba escrita de carácter obrigatorio na que se exporán cuestións de desenvolvemento. As datas, horarios e lugar de realización das probas de avaliación das diferentes convocatorias serán os sinalados no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o presente curso académico e documentación concordante. Resultado de aprendizaxe: A finalidade desta materia é que o alumno coñeza a súa condición de cidadano europeo e comprenda a dimensión xurídica da Unión Europea	40	A1 A2 A3 A4 A5	B1 C37 D1 B2 C38 D3 B3 D4 B4 D5
Resolución de problemas e/ou exercicios	O traballo da aula valorarase en atención a dous criterios: por unha banda, os casos prácticos e traballos que sexan obxecto de exposición na aula, así como, por parte, mediante os traballos ou casos prácticos que deberán ser entregados ao profesor Resultado de aprendizaxe: A finalidade desta materia é que o alumno coñeza a súa condición de cidadano europeo e comprenda a dimensión xurídica da Unión Europea	15	A2 A3 A5	B4 D1 D3 D4 D5
Exame de preguntas obxectivas	Os coñecementos adquiridos na sesión maxistral serán avaliados mediante unha proba tipo test non liberatoria de 20 preguntas. Penalizaranse as respostas incorrectas. As datas, horarios e lugar de realización das probas de avaliación das diferentes convocatorias serán os sinalados no cronograma da materia para o presente curso académico. Resultado de aprendizaxe: A finalidade desta materia é que o alumno coñeza a súa condición de cidadano europeo e comprenda a dimensión xurídica da Unión Europea	30	A1 A5	B1 B2 B3
Traballo	Durante o cuadrimestre os alumnos deberán realizar dous traballos, individual ou en grupo, un en relación coa parte de Dereito Constitucional e outro en relación coa parte de Dereito Internacional Público, que será entregado ao profesor. Esta proba cualificarase cun máximo dun punto. Resultados de aprendizaxe: Esta materia pretende posibilitar o ensino sistemático do Ordenamento xurídico e a estrutura organizativa e institucional da Unión Europea.	15	A1 A2 A3 A4	B4 C37 D1 C38 D3 D4 D5

Other comments on the Evaluation

A impartición e avaliación desta materia é responsabilidade de dúas áreas de coñecemento: a área de Dereito Constitucional e a área de Dereito Internacional Público:

-A **Área de Dereito Internacional Público** impartirá as leccións **1-2; 5-8 e 13**. Estas leccións impartiranse na primeira metade do primeiro cuadrimestre.

- A **Área de Dereito Constitucional** impartirá o resto de o temario:leccións **3-4; 9-12e 14**.Estas leccións impartiranse na segunda metade do primeiro cuadrimestre

Esta materia ten dúas modalidades de avaliación: continua e final. Neste sentido, unha vez superado o prazo dun mes, dende o comenzo do primeiro cuatrimestre, habilitarase un prazo de 10 días hábiles para que o alumnado matriculado manifieste, formalmente, a súa intención de acollerse ben o sistema de avaliación continúa o ben o sistema de avaliación final. No caso de que o alumnado non manifieste o sistema o que desexa acollerse, entenderse que escolle o sistema de avaliación final.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CONTINUA PARA 1ª EDICIÓN ACTAS

O alumnado que opte pola avaliación continua, realizará ao longo do curso as diferentes probas descritas no apartado "avaliación" desta guía no apartado "avaliación" desta guía. Con estas probas poderán obter ata un máximo de seis puntos. **En todo caso, para poder seguir a modalidade de avaliación continua o alumnado deberá asistir a un 80% tanto das clases teóricas como das clases prácticas.**

Ademais, o alumnado realizará un **exame de preguntas de desenvolvemento, de carácter obrigatorio**, que se celebrará na data prevista no calendario de examen da facultade e que puntuará un máximo de 4 puntos. Só se sumará a calificación obtida nas probas de avaliación continua si alcanza no examen unha nota igual ou superior a dous puntos. En canto a **avaliación, cada unha de as áreas de coñecemento que participan na materia ten un peso proporcional a a súa carga docente: Dereito Internacional 50% e Dereito Constitucional 50%**. Cada área, a hora de determinar a súa nota, farao seguindo os criterios establecidos na metodoloxía, é dicir, 40% o exame final, 15% a resolución de problemas e/ou exercicios, 15% os traballos e 30% as probas tipo test.

En relación á **proba ou exame final escrito, esta proba constará de dous partes, unha por cada Área de coñecemento**. Cada parte farase en follas independentes, para que cada profesor poida corrixir a súa parte. **Para superar a materia é necesario obter un mínimo do 50% en cada parte, é dicir, 2 puntos en cada un dos examen escritos.**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN FINAL PARA 1ª EDICIÓN ACTAS

Os **alumnos que non se sometan a a avaliación continua**, a proba a realizar constará de dúas partes: a realización dunha proba escrita con cuestións de desenvolvemento -que se valorará con un máximo de 4 puntos por cada área de coñecemento- así como a resolución dun caso práctico -que se valorará con un máximo de 1 punto por cada área de coñecemento-, exame que, en todo caso, representará o 100% da cualificación final. En todo caso, tanto na proba de desenvolvemento como no caso práctico evaluaránse as mesmas competencias que na avaliación continúa. **Tanto o exame final como o caso práctico constarán de dous partes, unha por cada Área de coñecemento**. Cada parte farase en follas independentes, para que cada profesor poida corrixir o seu parte. **Para superar a materia é necesario obter un mínimo de o 50% en cada parte, é dicir, 2,5 puntos. En todo caso, avalíense as mesmas competencias e resultados de aprendizaxe que no sistema de avaliación para asistentes**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 2ª EDICIÓN DE ACTAS E FIN DE CARREIRA

1.Os alumnos **que seguisen o sistema de avaliación continua** e acudan a segunda oportunidade de exame ,só terán que realizar a parte teórica, que consistirá en preguntas de desenvolvemento, posto que conservarán a calificación obtida nos traballos na aula. Aplicaranse os mesmos criterios de avaliación que para asistentes a 1ª edición de Actas.

2. Os **alumnos que non se seguiron o sistema de avaliación continúa**, os criterios de avaliación son os que constan no apartado de criterios de avaliación para non asistentes 1ª edición de Actas.

3.O exame correspondente a a convocatoria **"Fin de carreira"**, os criterios de avaliación son os que constan no apartado de criterios de avaliación para non asistentes 1ª edición de Actas. En todo caso, tanta na proba de examen de desenvolvemento como na resolución de problemas evaluaránse as mesmas competencias que na avaliación continúa.

As datas, horarios e lugar de realización das probas de avaliación das diferentes convocatorias serán os sinalados no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o presente curso académico e documentación concordante.

As cualificacións publicaranse na plataforma moovi con acceso limitado ao profesorado da materia e ao estudiantado matriculado.

As titorías do profesorado da materia poden consultarse ou solicitarse no seguintes enlaces:

<http://dereito.uvigo.es/es/docencia/profesorado/maria-belen-sanchez-ramos/>

<https://fccxt.uvigo.es/es/docencia/profesorado/pablo-riquelme-vazquez/>

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

Mangas Martín, A y Liñán Noguerras, D.J, **Instituciones y Derecho de la Unión Europea**, Última Edición,
Sobrino Heredia, J.M, **Textos para el estudio del Derecho Internacional Público, Derecho de la Unión Europea y el Derecho Internacional de los espacios**, 2016,

Complementary Bibliography

Alcaide Fernández, J; Casado Raigón, R, **Curso de Derecho de la Unión Europea**, Última Edición,
Díez de Velasco, M (Coordinado por JM Sobrino), **Las Organizaciones Internacionales**, Última Edición,
Sánchez, Víctor, M (dir), **Derecho de la Unión Europea**, Última Edición,
Sánchez Ramos, B (dir), **La Unión Europea como actor global. Algunas cuestiones analizadas desde el Tratado de Lisboa**, 2013,

Recomendaciones

Subjects that continue the syllabus

Unión Europea, constitución e medio ambiente/O03G081V01913

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Dereito internacional público/O03G081V01303

Subjects that it is recommended to have taken before

Dereito: Dereito constitucional I/O03G081V01103

Dereito: Dereito constitucional II/O03G081V01204

IDENTIFYING DATA				
Dereito administrativo I				
Subject	Dereito administrativo I			
Code	003G081V01401			
Study programme	Grao en Dereito			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	9	Mandatory	2	2c
Teaching language	Galego			
Department	Dereito público			
Coordinator	Bustillo Bolado, Roberto Orlando			
Lecturers	Bustillo Bolado, Roberto Orlando			
E-mail	rbustillo@uvigo.es			
Web				
General description	Os obxectivos que persegue o ensino desta materia son o exame e análise do Ordenamento xurídico-administrativo, así como as distintas modalidades de Administracións públicas e os ***instrumentos xurídicos da súa actividade (con particular atención á teoría do acto administrativo e do procedemento, por unha banda, e aos contratos das Administracións, por outra).			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Code	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
B3	Ser capaz de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C15	CE19 - Coñecer de forma sistemática contidos propios da parte xeral do Dereito Administrativo manexando fontes positivas, xurisprudenciais e doctrinais
C16	CE20 - Ser capaces de entender correctamente os documentos que integran con carácter xeral un expediente administrativo e de actuar conforme a Dereito nun procedemento, tanto desde da posición da Administración como desde a das persoas e empresas interesadas
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.
D3	Capacidade para a toma de decisións de forma autónoma e independente de liderado e capacidade para o traballo cooperativo en equipo, como habilidades nas relacións interpersoais que favorezan a eficacia interpersoal.
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

Resultados previstos na materia

Expected results from this subject	Training and Learning Results			
Alcanzar unha visión e comprensión do conxunto dos mecanismos e institucións da parte xeral do Dereito Administrativo, manexar con soltura o sistema de fontes da materia obxecto de estudo e resolver problemas xurídicos relacionados coa materia obxecto de estudo.	A1	B3	C15	D1
	A3	B4	C16	D3
	A4			D5

Contidos

Topic	
Tema 1- O Dereito Administrativo e a Administración pública: concepto e caracteres; fontes, en particular o Regulamento.	
Tema 2- Os suxeitos: As Administracións públicas e a súa organización. O administrado	
Tema 3- Fundamentos da actividade administrativa: o principio de legalidade da Administración	
Tema 4- Os actos administrativos: clases, elementos, eficacia, validez. O silencio administrativo	

Tema 5- O procedemento administrativo	.
Tema 6- Os recursos administrativos	.
Tema 7- Coacción administrativa. En particular, a	.
execución dos actos administrativos	.
Tema 8- Contratos do sector público	.

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Seminario	38	76	114
Lección maxistral	40.5	48.6	89.1
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	20.9	21.9

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Seminario	Desenvolveranse (nos Grupos *B), a título de exemplo, actividades do tipo das seguintes, coa finalidade de repasar ou profundar nos contidos abordados nas sesións maxistrais: * Resolución de supostos prácticos. * Análise de contidos específicos (por exemplo, sentenzas sobre contidos do temario). * Postas en común e resolución de dúbidas. O traballo en seminarios DEBERÁ ser complementado pola/polo estudante con traballo autónomo, e PODERÁ voluntariamente ser complementado con *tutorías individualizadas nos días e horas fixados pola Facultade de Dereito.
Lección maxistral	O profesor exporá os contidos da materia obxecto de estudo, expondo sobre a marcha preguntas aos alumnos e convidándolles a participar resolvendo cuestións e casos. O traballo en sesión maxistral DEBERÁ ser complementado pola/polo estudante con traballo autónomo, e PODERÁ voluntariamente ser complementado con *tutorías individualizadas nos días e horas fixados pola Facultade de Dereito.

Atención personalizada

Methodologies	Description
Lección maxistral	Atenderase aos estudantes ao termo de cada clase, e nas titorías presenciais no despacho de profesor e, por causas xustificadas, previa concertación, en titorías en liña. As titorías poderanse concertar con cada docente a través dos seus respectivos correos-electrónicos (véxase a apartado "avaliación").
Seminario	Idem
Tests	Description
Resolución de problemas e/ou exercicios	Idem

Avaliación

	Description	Qualification	Training and Learning Results
Seminario	Avaliarase a capacidade das/vos estudantes para resolver casos prácticos, debater, expor e, en xeral, a súa participación activa. A mera asistencia non se valora. Resultado de aprendizaxe: Alcanzar unha visión e comprensión do conxunto dos mecanismos e institucións da parte xeral do Dereito Administrativo, manexar con soltura o sistema de fontes da materia obxecto de estudo e resolver problemas xurídicos relacionados coa materia obxecto de estudo. Os casos prácticos poderán ser recollidos para a súa avaliación.	30	A1 B3 C15 D1 A3 B4 C16 D3 A4 D5
Lección maxistral	Avaliarase a capacidade das/dos estudantes para responder oralmente PREGUNTAS E PROBAS OBXECTIVAS orais que o profesor vaia suscitando ao longo da súa exposición. A mera asistencia non se valora. Resultado de aprendizaxe: Alcanzar unha visión e comprensión do conxunto dos mecanismos e institucións da parte xeral do Dereito Administrativo, manexar con soltura o sistema de fontes da materia obxecto de estudo e resolver problemas xurídicos relacionados coa materia obxecto de estudo.	30	A1 B3 C15 D1 A3 B4 C16 D3 A4 D5

Resolución de problemas e/ou teórico e/ou práctico), podendo utilizar textos legais.	40	A1 B3 A3 B4 A4	D1 D3 D5
exercicios	Resultado de aprendizaxe: Alcanzar unha visión e comprensión do conxunto dos mecanismos e institucións da parte xeral do Dereito Administrativo, manexar con soltura o sistema de fontes da materia obxecto de estudo e resolver problemas xurídicos relacionados coa materia obxecto de estudo.		

Other comments on the Evaluation

1. AVALIACIÓN CONTINUA

Para os estudantes que opten por avaliación continua, o 40% da cualificación deriva dun exame oral (art. 20.1.a Regl. 18-4-2023) final sobre o conxunto da materia, e a puntuación restante deriva da participación activa do estudante nas actividades académicas (art. 20.1.d Regl. 18-3-2023) en clases en grupo grande (30%) ou en clases en grupos medianos (30%), cos seguintes mecanismos correctores:

1º.- No caso de que a avaliación da participación activa sexa inferior á cualificación do exame, non se valorará en prexuízo do estudante a cualificación da participación activa.

2º.- Para superar a asignatura será necesario que a suma dos elementos de avaliación (avaliación continua e exame) sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10 e que a calificación do exame non sexa inferior a 4 puntos sobre 10.

A presenza física dun estudante en clase non é mérito algún (a mera asistencia nin se valora nin se controla; non se esixe un número mínimo de asistencias). O simple feito de asistir a clase non é unha actividade que reflicta ningunha actitude nin aptitude do alumno nin favorable nin desfavorable en termos académicos ou intelectuais, nin achega absolutamente ningún dato relevante que sirva para avaliar nin competencias nin habilidades nin o coñecemento e madurez alcanzado respecto dos contidos da materia -que é do que se trata, en definitiva-. En consecuencia, asistir a clase por si só NON SE VALORA. O que si se valora na avaliación continua é a asistencia activa (asistencia + participación de calidade).

Valorarase positivamente en avaliación continua a disposición voluntaria dos alumnos para efectuar lecturas ou traballos complementarios titorizados polo profesor, así como a participación voluntaria en actividades académicas presenciais complementarias (art. 20.1.b e c Regl. 18-4-2023).

Nos traballos que eventualmente formen parte da avaliación continua, os estudantes poderán utilizar ferramentas de IA de acordo con as seguintes premisas:

1ª.- Deberán ao final do traballo indicar as ferramentas de IA que utilizaron.

2ª.- Xunto a cada ferramenta explicarán o tipo de uso concreto que fixeron dela.

3ª.- Deberán respectar as indicacións máis restritivas que, no seu caso, prevexa o/a profesor-a responsable.

2. AVALIACIÓN GLOBAL

O 100% da cualificación deriva dun exame oral sobre o conxunto da materia (art. 21.1.a Regl. 18-4-2023)

3. ASPECTOS COMÚNS PARA A AVALIACIÓN CONTINUA E A AVALIACIÓN GLOBAL

a) Non se poderá aprobar a materia en caso de actuacións do estudante contrarias aos deberes contidos nos apartados b, c, d e e do art. 13.2 do R.D. 1791/2010, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario. Iso sen prexuízo da posibilidade adicional de poñer tales feitos en coñecemento dos órganos competentes para os efectos da posible determinación de responsabilidade disciplinaria.

b) Restará puntos o uso por parte do estudante dunha linguaxe oral ou escrita con deficiencias gramaticais, semánticas ou ortográficas.

c) O art. 19.4 do Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado desta Universidade preceptúa que:

A elección da modalidade de avaliación global correspóndelle a cada estudante, que poderá levala a cabo, durante vos prazos e ou procedemento establecido polo centro. A elección da modalidade de avaliación global supón a renuncia ao dereito de seguir avaliándose das actividades da modalidade de avaliación continua que resten e á cualificación obtida ata ese momento en calquera das probas que xa tiveron lugar.

Por tanto, se algún estudante desexa, en consonancia co citado precepto regulamentario, elixir expresamente a modalidade de avaliación global e renunciar á avaliación continua (a pesar de que nesta materia, como xa se explicou, a avaliación

continúa serve só para mellorar, non para empeorar a cualificación do exame), poderá facelo unha vez superado o prazo dun mes, desde o comezo do cuadrimestre, habilitarase para iso un prazo de 10 días hábiles para deixar constancia a través da plataforma Moovi.

4. ESPECIFICACIÓNS SOBRE OS EXAMES FINAIS

Queda prohibido en exames presenciais o uso de calquera tipo de dispositivo eléctrico ou electrónico; calquera dispositivo deberá permanecer apagado e fóra do alcance do estudante. O incumprimento por parte dun/unha estudante desta regra supoñerá o suspenso cunha cualificación de "0" puntos, sen prexuízo das posibles medidas disciplinarias que resulten pertinentes.

- Primeira opción - maio

O exame será oral, e o estudante poderá durante o mesmo consultar textos legais de acordo con as instrucións facilitadas polo profesor. Para os efectos de poder calcular o tempo medio de duración de cada exame e, con iso, poder garantir aos alumnos que os seus exames teñan lugar o día da convocatoria oficial, os estudantes que desexen asistir ao exame oral deberán previamente manifestar tal vontade a través da plataforma Moovi

- Segunda opción - xullo

O exame será escrito con respostas curtas (de corte teórico e/o práctico) e durante o mesmo poderanse consultar textos legais de acordo con as instrucións facilitadas polo profesor.

- Fin de carreira

A avaliación de fin de carreira dependerá nun 100% da nota dun exame escrito con respostas curtas (de corte teórico e/o práctico) e durante o mesmo poderanse consultar textos legais de acordo con as instrucións facilitadas polo profesor.

5. OUTROS ASPECTOS

- SALVO INSTRUCCIÓN EN CONTRARIO DO PROFESOR, OS ESTUDANTES NON PODERÁN UTILIZAR EN CLASES NINGÚN APARELLO ELECTRÓNICO; CALQUERA TIPO DE APARELLO DE TALES CARACTERÍSTICAS DEBERÁ PERMANECER APAGADO E FÓRA DA VISTA DO ESTUDANTE. SALVO PERMISO EXPRESO EN CONTRARIO QUEDA PROHIBIDO GRAVAR POR CALQUERA MÉTODO A IMAXE E/OU O SON DOS PROFESORES EN CLASES PRESENCIAIS OU VIRTUAIS.

- Nos exames valorarase o logro dos "resultados previstos na materia" plasmados na guía docente, tales como alcanzar unha visión e comprensión do conxunto dos mecanismos e institucións da parte xeral do Dereito Administrativo, manexar con soltura o sistema de fontes da materia obxecto de estudo e resolver problemas xurídicos relacionados coa materia obxecto de estudo.

- As cualificacións publicaranse na plataforma interna ou aula virtual oficial da Universidade de Vigo con acceso limitado ao profesorado da materia e aos estudantes matriculados. De ser necesario, por motivos excepcionais, modificar ou precisar os métodos de avaliación sinalados na guía, tales modificacións ou precisións publicaranse no devandito soporte telemático.

- As titorías poderanse solicitar con cada docente por correo-e; salvo causa de forza maior debidamente xustificada, as titorías serán sempre PRESENCIAIS.

- Para dúbidas concretas con contidos da materia, o estudante debe poñerse en contacto co/a profesor-a que os explicou. Para cuestións xerais, poden dirixirse ao profesor que estea a explicar materia nese momento, quen, en caso de ser necesario, dará traslado ao coordinador da materia. - Os delegados de curso poden dirixirse directamente ao coordinador da materia (Roberto Ou. Bustillo Bolado) no correo-e rbustillo@uvigo.es

- As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado para cada curso académico pola Xunta de Facultade e publicadas na súa web institucional.

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

Leguina Villa y otros, **Leyes Administrativas**, Última edición, Tecnos, -

Fernández Farreres, G., **Sistema de Derecho Administrativo**, última edición, Aranzadi,

Martín Rebollo, L, **Manual de las Leyes Administrativas**, última edición, Aranzadi, -

Parada Vázquez, R., **Derecho Administrativo I y II**, última edición, Open Ediciones Universitarias, -

Complementary Bibliography

García de Enterría/Fernández, **Curso de Derecho Administrativo Vol. I**, última edición, Civitas,

Recomendacións

Subjects that continue the syllabus

Dereito administrativo II/O03G081V01503

Xurisdicións contenciosa-administrativa e social/O03G081V01604

Subjects that it is recommended to have taken before

Dereito: Dereito constitucional I/O03G081V01103
Dereito: Dereito constitucional II/O03G081V01204
Dereito: Teoría do dereito/O03G081V01102

Other comments

Recoméndase levar a materia "ao día"

IDENTIFYING DATA				
Dereito penal II				
Subject	Dereito penal II			
Code	003G081V01402			
Study programme	Grao en Dereito			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Mandatory	2	2c
Teaching language	Castelán Galego			
Department	Dereito público			
Coordinator	Lago Calvo, Francisco José			
Lecturers	Lago Calvo, Francisco José			
E-mail	fjlagocalvo@gmail.com			
Web				
General description	Estudo da parte especial do Dereito Penal			

Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Code	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
B2	Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual
B3	Ser capaz de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C45	CE53 - Coñecer as distintas figuras delituosas (delitos e faltas) contidas no Código Penal e nas leis penais especiais, o seu ámbito de aplicación e os criterios de interpretación legal, xurisprudencial e doctrinal
C46	CE54 - Ser capaz de identificar problemas de Dereito penal e de achegar solucións xuridicamente admisibles aos supostos prácticos, manexando adecuadamente as fontes, os principios e valores constitucionais, e a argumentación xurídica
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

Resultados previstos na materia	
Expected results from this subject	Training and Learning Results
Coñecer, comprender, interpretar e analizar criticamente os distintos delitos e faltas comprendidos no Código Penal e nas Leis penais especiais.	A2 B1 C45 D1 A3 B2 C46 D5
Aplicar correctamente os elementos da teoría xurídica do delito ás concretas figuras delictivas e faltas.	A5 B3 B4
Coñecer e comprender os problemas sobre os concursos de leis e de delitos.	
Resolver supostos prácticos en materia penal, manexando adecuadamente as aportacións doutrinais e xurisprudenciais para fundamentar xuridicamente a solución.	

Contidos	
Topic	
Lección 1. Delitos contra a vida humana independente.	I. Homicidio e as súas formas. 1. Homicidio. 2. Asasinato. 3. Inducción e auxilio ao suicidio. Homicidio-suicidio. A eutanasia.
Lección 2. Delitos contra a vida humana dependente ou en formación.	I. Aborto. II. Lesións ao feto. III. Delitos relativos á manipulación xenética.
Lección 3. Delitos contra a saúde e a integridade persoal.	I. Lesións.
Lección 4. Delitos contra a liberdade.	I. Detencións ilegais e secuestros. II. Ameazas. III. Coaccións
Lección 5. Delitos contra a integridade moral e trata de seres humanos	I. Das torturas e outros delitos contra a integridade moral. II. Da trata de seres humanos.

Lección 6. Delitos contra a liberdade e indemnidade sexuais	I. Agresións sexuais. II. Abusos sexuais. III. Abusos e agresións sexuais a menores de dezaseis anos. IV. Acoso sexual. V. Delitos de exhibicionismo e provocación sexual. VI. Delitos relativos á prostitución e a explotación sexual e corrupción de menores. VII. Disposicións comúns.
Lección 7. Omisión do deber de socorro.	I. Omisión do deber de socorro.
Lección 8. Delitos contra a intimidade, o dereito á propia imaxe e a inviolabilidade do domicilio.	I. Descubrimento e revelación de segredos. II. Allanamiento de morada, domicilio de persoas xurídicas e establecementos abertos ao público.
Lección 9. Delitos contra o honor.	I. Calumnia. II. Inxuria. III. Disposicións xerais.
Lección 10. Delitos contra as relacións familiares.	I. Matrimonios ilegais. II. Suposición de parto e alteración da paternidade, estado ou condición do menor. III. Delitos contra os dereitos e deberes familiares. 1. Quebrantamento dos debres de custodia e inducción de menores ao abandono de domicilio. 2. Sustracción de menores. 3. Abandono de familia, menores ou persoas con discapacidade necesitadas de especial protección.
Lección 11. Delitos contra o patrimonio e a orde socioeconómica.	I. Furtos. II. Robos. III. Extorsión. IV. Robo e furto de uso de vehículos. V. Usurpación. VI. Disposicións comúns.
Lección 12. Delitos contra o patrimonio e a orde socioeconómica (continuación)	I. Defraudacións. 1. Estafas. 2. Administración desleal. 3. Apropiación indevida. 4. Defraudacións do fluído eléctrico e análogas II. Danos. III. Receptación e branqueo de capitais.
Lección 13. Delitos contra os dereitos dos cidadáns extranxeiros.	I. Delitos contra os dereitos dos cidadáns extranxeiros
Lección 14. Delitos relativos á ordenación do territorio e o urbanismo, á protección do patrimonio histórico e ao medio ambiente.	I. Delitos sobre a ordenación do territorio e o urbanismo. II. Delitos sobre o patrimonio histórico. III. Delitos contra os recursos naturais e o medio ambiente. IV. Delitos relativos á protección da flora, fauna e animais domésticos. V. Disposicións comúns.
Lección 15. Delitos contra a seguridade colectiva.	I. Delitos contra a saúde pública. II. Delitos contra a seguridade vial.
Lección 16. Falsedades.	I. Falsificación de moeda e efectos timbrados. II. Falsedades documentais. 1. Falsificación de documentos públicos, oficiais e mercantís e dos despachos transmitidos polos servicios de telecomunicación. 2. Falsificación de documentos privados. 3. Falsificación de certificados. 4. Falsificación de tarxetas de crédito e débito e cheques de viaxe. III. Disposición xeral. IV. Usurpación do estado civil. V. Usurpación de funcións públicas e intrusismo.
Lección 17. Delitos contra a Administración Pública.	I. Prevaricación dos funcionarios públicos e outros comportamentos inxustos. II. Cohecho. III. Tráfico de influencias. IV. Malversación. V. Outros delitos contra a Administración pública.
Lección 18. Delitos contra a Administración de Xusticia.	I. Prevaricación. II. Omisión dos deberes de impedir delitos ou de promover a súa persecución. III. Encubrimiento. IV. Realización arbitraria do propio dereito. V. Acusación e denuncia falsas e simulación de delitos. VI. Falso testimonio. VII. Obstrucción á xusticia e deslealtade profesional. VIII. Quebrantamento de condena. IX. Delitos contra a Administración de Xusticia da Corte Penal Internacional.
Lección 19. Delitos contra a orde pública.	I. Atentados contra a autoridade, os seus axentes e os funcionarios públicos, resistencia e desobediencia. II. Desordes públicas. III. Tenencia, tráfico e depósito de armas, municións ou explosivos. IV. Organizacións e grupos criminais. V. Organizacións e grupos terroristas e delitos de terrorismo. 1. Organizacións e grupos terroristas. 2. Delitos de terrorismo

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Resolución de problemas	15	27	42
Lección maxistral	33.5	69.5	103
Exame de preguntas obxectivas	2.5	0	2.5
Exame de preguntas obxectivas	2.5	0	2.5

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan casos prácticos e/ou problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O/a alumno/adebe desenvolver as solucións adecuadas adoita empregarse como complemento da lección maxistral.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo

Atención personalizada

Methodologies	Description
---------------	-------------

Lección maxistral	Atenderase no horario de titorías habitual dos profesores publicado no centro. As titorías poderán consultarse e solicitar no enlace: http://dereito.uvigo.es/es/docencia/profesorado/francisco-jose-lago-calvo/
Resolución de problemas	Atenderase no horario de titorías habitual dos profesores publicado no centro. As titorías poderán consultarse e solicitar no enlace: http://dereito.uvigo.es/es/docencia/profesorado/francisco-jose-lago-calvo/
Tests	Description
Exame de preguntas obxectivas	As *tutorías atenderanse no horario de *tutorías habitual dos profesores publicado no centro. As *tutorías poderán consultarse e solicitar no enlace: http://dereito.uvigo.es/es/docencia/profesorado/francisco-jose-lago-calvo/

Avaliación			
	Description	Qualification	Training and Learning Results
Resolución de problemas	O sistema de avaliación ao que pode optar o alumnado é de dous tipos: Avaliación continua ou avaliación global. Unha vez superado o prazo dun mes, desde o comezo do cuadrimestre no que se imparte a asignatura, habilitarase un prazo de 10 días hábiles para que o alumnado matriculado manifieste, formalmente, a súa intención de acollerse ao sistema de avaliación continua. A asistencia ás clases prácticas e teóricas é un factor esencial que se valora no proceso de avaliación continua. É preciso ter asistido ao 75% das clases (tanto teóricas como prácticas) para poder acceder ao sistema de avaliación continua. No caso de que por calquera motivo o alumnado non poida asistir ao 75%, non poderá participar no sistema de avaliación continua, debendo realizar un único exame final. A proba de resolución de problemas e/ou exercicios consistirá nun exame escrito no que o alumnado debe resolver un ou varios casos prácticos. A data, horario e lugar de realización desta proba serán sinalados no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2023-2024 e documentación concordante. Na avaliación continua ésta constitúe a terceira proba, sumándose as dúas probas tipo test que se explican no seguinte apartado, e supón o 40% da cualificación final da materia.	40	A2 B1 C45 D1 A3 B2 C46 D5 A5 B3 B4
Exame de preguntas obxectivas	1ª proba tipo test: o sistema de avaliación continua consistirá en dúas probas parciais tipo test ao longo do curso e nunha proba final, consistente na resolución dun ou varios casos prácticos, exposta anteriormente. As dúas probas tipos test consistirán en sendos exames de 25 preguntas con catro posibles respostas, das cales só unha é correcta. Para a súa cualificación, as respostas incorrectas restan a metade do que suman as correctas, non puntuándose as deixadas en branco. O lugar, data e contido de primeira proba tipo test indicaráse polo coordinador da materia na primeira semana do curso. A cualificación de primeira proba tipo test supón o 30% da cualificación final da materia.	30	A2 B1 C45 D1 A3 B3 C46 D5 B4
Exame de preguntas obxectivas	2ª proba tipo test: o sistema de avaliación continua consistirá en dúas probas parciais tipo test ao longo do curso e nunha proba final, consistente na resolución dun ou varios casos prácticos, exposta anteriormente. As dúas probas tipos test consistirán en sendos exames de 25 preguntas con catro posibles respostas, das cales só unha é correcta. Para a súa cualificación, as respostas incorrectas restan a metade do que suman as correctas, non puntuándose as deixadas en branco. O lugar, data e contido da segunda proba tipo test indicaráse polo coordinador da materia na primeira semana do curso. A cualificación da segunda proba tipo test supón o 30% da cualificación final da materia.	30	

Other comments on the Evaluation

Outros comentarios sobre a avaliación:

1.- OUTROS COMENTARIOS SOBRE A AVALIACIÓN. SISTEMA DE AVALIACIÓN CONTINUA

Unha vez superado o prazo dun mes, desde o comezo do cuadrimestre no que se imparte a asignatura, habilitarase un prazo

de 10 días hábiles para que o alumnado matriculado manifieste, formalmente, a súa intención de acollerse ao sistema de avaliación continua.

Dereito civil I. Obrigas e contratos/O03G081V01301

Other comments

Os alumnos deberán dispor dunha edición actualizada do Código Civil.

Para a realización das prácticas (avaliación continua), ou do exame de práctica, os alumnos soamente poderán utilizar material de apoio en soporte de papel.

IDENTIFYING DATA				
Dereito civil III. Familia e sucesións				
Subject	Dereito civil III. Familia e sucesións			
Code	003G081V01501			
Study programme	Grao en Dereito			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Mandatory	3	1c
Teaching language	Castelán Galego			
Department	Dereito privado			
Coordinator	Álvarez Pérez, Zoraida			
Lecturers	Álvarez Pérez, Zoraida Meleiro Vázquez, Miguel			
E-mail	zalvarez@uvigo.es			
Web	http://zalvarez@uvigo.gal			
General description	Trátase dunha materia obrigatoria que achega ao alumnado ao dereito de familia e ao dereito de sucesións, permitíndolles coñecer institucións xurídicas esenciais en devanditos ámbitos. Materia impartida no primeiro cuadrimestre do terceiro curso (grao) e cuarto curso (dobre grao).			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Code	
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
C42	CE50 - Coñecer as normas civís relativas ao dereito de Familia con especial referencia ao matrimonio, as súas crises e ás institucións de custodia e garda de menores e incapacitados, así como ao dereito de sucesións desde a perspectiva do dereito común e do dereito territorial galego
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.
D3	Capacidade para a toma de decisións de forma autónoma e independente de liderado e capacidade para o traballo cooperativo en equipo, como habilidades nas relacións interpersoais que favorezan a eficacia interpersoal.
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

Resultados previstos na materia

Expected results from this subject	Training and Learning Results		
Trátase dunha materia obrigatoria que achegue ao alumnado ao dereito de familia e ao dereito de sucesións, permitíndolle coñecer institucións xurídicas esenciais en devanditos ámbitos. Búscase que o estudantado adquira os coñecementos teóricos e prácticos da materia obxecto de estudo que lle permitan e acheguen ao dominio da materia.	B1	C42	D1 D3 D5

Contidos

Topic	
Tema 1.- O Dereito de familia.	A familia e as relacións familiares. Novos tipos de familia. As unións de feito. A lei de Dereito civil de Galicia Os alimentos. O parentesco.
Tema 2.- O matrimonio.	O sistema matrimonial español. O expediente matrimonial e os efectos da celebración do matrimonio. Formas de celebración do matrimonio. Requisitos formais. Ineficacia do matrimonio.
Tema 3.- As capitulaciones matrimoniais. Réximes económico matrimoniais.	As capitulaciones matrimoniais no Código Civil e no Dereito Civil de Galicia As doazóns por razón de matrimonio e os seus efectos: Código civil e Dereito Civil de Galicia. Os réximes económico matrimoniais e da convivencia. A sociedade de gananciales e o réxime de separación de bens.
Tema 4.- As crises matrimoniais.	Crises matrimoniais: Efectos persoais e patrimoniais nas crises matrimoniais. A nulidade, separación e divorcio. Efectos. A garda e custodia dos fillos. A mediación familiar. Concepto, regulación e oportunidade lexislativa da custodia compartida. A conveniencia da mediación familiar en separacións e divorcios.
Tema 5.- A patria potestade. A filiación e as relacións de filiación. A adopción. Institucións tutelares.	Dereitos e obrigacións dos pais respecto dos seus fillos. Os efectos persoais e patrimoniais derivados da filiación. Dereitos dos adoptados. Institucións tutelares.

Tema 6.- Dereito de sucesións.	A sucesión mortis causa. Apertura da sucesión, a delación. Capacidade para suceder. O dereito de acrecer. O obxecto da sucesión. O iter sucesorio no Código civil. Vicisitudes e capacidade do sucesor.
Tema 7.- A herdanza yacente. A adquisición da herdanza e as súas clases. Efectos.	Situación especial da herdanza yacente. Formas de adquisición da mesma.
Tema 8.- A comunidade hereditaria e a partición da herdanza. As operacións particionales.	Modalidades de partición hereditaria. Regras establecidas polo lexislador.
Tema 9.- A sucesión testamentaria. Clases de testamento.	Testamento pechado, aberto e ológrafo. Testamentos especiais.
Tema 10.- O contido do testamento. A ineficacia do testamento. A sucesión testada en Galicia.	Causas de ineficacia do testamento.
Tema 11.- As substitucións hereditarias. O legado. A revogación do testamento. O albacea.	Modalidades de substitución hereditaria. Causas de revogación do testamento. Suxeitos que poden ser albaceas.
Tema 12.- A sucesión forzosa: a lexítima e o avance. A lexítima dos descendentes, do cónxuxe viúvo e dos ascendentes. As lexítimas no Dereito civil de Galicia. As reservas.	A sucesión forzosa no Código civil e na Lei de Dereito civil de Galicia. Diferenzas.
Tema 13.- A sucesión non testamentaria: sucesión intestada e sucesión paccionada.	Os pactos sucesorios no Dereito civil de Galicia.

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Lección maxistral	34	38	72
Estudo de casos	11	13.5	24.5
Exame de preguntas obxectivas	1	33.5	34.5
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	18	19

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Lección maxistral	Exposición por parte do profesorado dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo alumnado.
Estudo de casos	Proba na que o alumno/a debe analizar un feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipótese, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticarlo e adestrarse en procedementos alternativos de solución. Poderá incluír a realización tanto individual como en equipo de traballo

Atención personalizada

Methodologies	Description
Lección maxistral	Atenderase aos alumnos de forma personalizada nas concretas cuestións que poidan expor, facendo extensivas as explicacións ao resto dos alumnos presentes na aula.
Estudo de casos	Proba na que o alumno/a debe analizar un feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipótese, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticarlo e adestrarse en procedementos alternativos de solución. Poderá incluír a realización tanto individual como en equipo de traballo Cualificación: 30%
Tests	Description
Exame de preguntas obxectivas	Probas que avalían o coñecemento que inclúe preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos/as seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades. Cualificación: 30%
Exame de preguntas de desenvolvemento	Probas que inclúen preguntas abertas sobre un tema. Os alumnos/as deben desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que teñen sobre a materia nunha resposta argumentada. Cualificación: 40%

Avaliación

Description	Qualification Training and Learning Results
-------------	---

Estudo de casos	Proba na que o alumno/a debe analizar un feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipótese, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución. Poderá incluír a realización tanto individual como en equipo de traballo Cualificación: 30%	30	B1 C42 D1 D3 D5
Exame de preguntas obxectivas	Probas que avalían o coñecemento que inclúe preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos/as seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades. Cualificación: 30%	30	B1 C42 D1 D3 D5
Exame de preguntas de desenvolvemento	Probas que inclúen preguntas abertas sobre un tema. Os alumnos/as deben desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que teñen sobre a materia nunha resposta argumentada. Cualificación: 40%	40	B1 C42 D1 D3 D5

Other comments on the Evaluation

O alumnado poderá elixir ser avaliado mediante o sistema de avaliación continua (EC), ou optar por unha proba de Avaliación Global (EG). A elección de EG supón a renuncia ao dereito de seguir avaliándose mediante as actividades de AC que resten e á cualificación obtida ata ese momento en calquera das probas que xa tiveron lugar.

Unha vez superado o prazo dun mes, desde o comezo do curso académico, habilitarase un prazo de 10 días hábiles para que o alumnado matriculado manifieste, formalmente, a súa intención de acollerse o sistema de avaliación continua. 1-Avaliación primeira edición de actas: Avaliación continua A) Todo o alumnado deberá realizar unha proba tipo test debendo obter unha cualificación mínima de 4 sobre 10 para compensar. Esta proba non eliminará materia para o exame final. A cualificación supoñerá o 30% da cualificación final. B) Todo o alumnado deberá asistir e realizar os supostos realizados nas clases prácticas. Valorarase a asistencia e a participación nas mesmas. A cualificación supoñerá o 30% da nota final. Debe obter un mínimo de 3 sobre 10 para compensar. É obrigatoria a asistencia, polo menos, do 80% das clases. C) Todo o alumnado terá que realizar un exame teórico final no que se lles farán preguntas de desenvolvemento sobre a materia, que supoñerá o 40% da cualificación final. Deberá obter unha cualificación mínima de 4 sobre 10 para compensar, sen que ningunha das preguntas do exame teórico, teña unha valoración inferior a 3 puntos sobre 10. O alumnado que se acolleu ao sistema de avaliación continua e non obtivese a cualificación mínima de 4 sobre 10 en próbaa tipo test ou 3 sobre 10 nas prácticas, non poderá examinarse na primeira edición de actas, debendo examinarse na segunda edición de actas, segundo o sistema de avaliación global. Avaliación global O alumnado que se acolla a avaliación global: A) Deberá realizar un exame teórico final no que se lles farán preguntas de desenvolvemento sobre a materia, incrementadas nunha pregunta respecto do alumnado que se acolleu a avaliación continua. A valoración será do 70%. Do mesmo xeito que na avaliación continua, deberá obter unha cualificación mínima de 4 sobre 10 para compensar, sen que ningunha das preguntas do exame teórico, teña unha valoración inferior a 3 puntos sobre 10. B) Un exame práctico sobre a materia, cuxa puntuación será como máximo del 30% de la cualificación final. Do mesmo xeito que na avaliación continua, deberá obter, para poder compensar unha parte coa outra, un 3 sobre 10 no exame práctico para poder compensar. 2-Avaliación segunda edición de actas: Os alumnos que se acolleron ao sistema de avaliación continua e superáronse os mínimos esixidos en próbaa tipo test e nas prácticas, só deberán realizar o exame teórico no que se lles farán preguntas de desenvolvemento sobre a materia, que supoñerá o 40% da cualificación final. Deberá obter unha cualificación mínima de 4 sobre 10 para compensar, sen que ningunha das preguntas do exame teórico, teña unha valoración inferior a 3 puntos sobre 10. No suposto que acolléndose á avaliación continua e non haxan superado os mínimos esixidos en próbaa tipo test e nas prácticas, deberán examinarse segundo o sistema de AVALIACIÓN GLOBAL. O alumnado que se acolleu ao sistema de avaliación global, deberá realizar as mesmas probas sinaladas na primeira edición de actas. 3-Convocatoria extraordinaria (Fin de Carrera): O alumnado deberá seguir o procedemento sinalado para a avaliación global. O alumnado que non participen na avaliación continua nin na global, figurarán nas actas como [non presentados]. Titorías: Solicitaranse nos correos zalvarez@uvigo.gal; miguel@bufetemartinezmeleiro.com Alumnado con necesidades especiais: realizarase a adaptación curricular que veña dada por tales necesidades #de acordo con o suxerido polo coordinador de discapacidade pola aplicación do correspondente protocolo. Datas dos exames: As datas, horarios e lugar de realización das probas de avaliación das diferentes convocatorias serán as sinaladas no calendario das probas de avaliación aprobado pola Xunta da Facultade. Publicación das cualificacións: A publicación das cualificacións, tanto para a convocatoria común como na extraordinaria, efectuarase a través da plataforma Moovi. Igualmente, a través da plataforma Moovi recibirán un aviso da publicación das cualificacións e da data de revisión prevista. A materia de Dereito civil III impártese no Grao de Dereito e no PCEO de ADE-DEREITO, en 3º e 4º curso no primeiro cuadrimestre. Os docentes coordinadores son: Prof. Zoraida Álvarez Pérez (Grao) e Prof. Miguel Melero (Pceo).

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

Complementary Bibliography

Lasarte Alvarez, **Compendio de Derecho de Familia**, 9788410702608, 13ª, Dykinson, 2025

AAVV, **Código civil**, 9788410784543, 7ª, Aranzadi, 2025

Lasarte Alvarez, **Derecho de Sucesiones**, 9788413816609, 13ª, Marcial Pons, 2025

Recomendacións**Subjects that it is recommended to have taken before**

Dereito: Introducción ao dereito civil e dereito da persoa/O03G081V01203

Dereito civil I. Obrigas e contratos/O03G081V01301

Dereito civil II. Dereitos reais/O03G081V01404

Other comments

Esta materia impártese no *PCEO de Administración e Dirección de empresas, compartindo programa docente.

IDENTIFYING DATA				
Dereito mercantil I				
Subject	Dereito mercantil I			
Code	003G081V01502			
Study programme	Grao en Dereito			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	9	Mandatory	3	1c
Teaching language	Castelán Galego			
Department	Dereito privado			
Coordinator	Menor Conde, Sara			
Lecturers	de los Ríos Sánchez, Juan Manuel Menor Conde, Sara			
E-mail	saramc@uvigo.es			
Web				
General description	DEREITO MERCANTIL I é unha asignatura que se imparte no primeiro cuatrimestre do terceiro curso do Grao en Dereito. Nela examínanse desde unha perspectiva xurídica diversos aspectos do fenómeno empresarial: a figura do empresario no mercado, o seu estatuto xurídico, as súas formas de organización e o réxime dos seus colaboradores. Así mesmo abórdanse a chamada propiedade industrial e outros aspectos tan relevantes como a regulación da competencia e a das situacións de crises que a empresa pode atravesar.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Code	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
B2	Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C3	CE3 - Coñecer o concepto e fontes do Dereito Mercantil, así como o réxime xurídico do empresario individual e as sociedades mercantís
C4	CE4 - Saber interpretar e aplicar as normas mercantís relativas ao empresario individual e social
D3	Capacidade para a toma de decisións de forma autónoma e independente de liderado e capacidade para o traballo cooperativo en equipo, como habilidades nas relacións interpersoais que favorezan a eficacia interpersoal.
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

Resultados previstos na materia

Expected results from this subject	Training and Learning Results			
Coñecer o estatuto xurídico do empresario, a regulación da competencia e da propiedade industrial, as principais características das sociedades de capital e un esquema básico do proceso concursal e aplicar devanditos coñecementos no tráfico mercantil	A2	B1	C3	D3
	A3	B2	C4	D5
	A4	B4		
	A5			

Contidos

Topic	
1. CONCEPTO E FONTES DO DEREITO MERCANTIL	1.1. Orixe e evolución histórica do Dereito mercantil. 1.2. Concepto e elementos do Dereito mercantil. 1.3. Fontes do Dereito mercantil.
2. ESTATUTO XURÍDICO DO EMPRESARIO	2.1. Conceptos fundamentais: empresa, establecemento. empresario. 2.2. A representación mercantil 2.3. O estatuto xurídico do empresario.
3. DEREITO DE SOCIEDADES	3.1. Consideracións xerais e tipoloxía. 3.2. Sociedades personalistas. 3.3. Sociedades de capital. 3.4. Unións de empresas e outras formas societarias.

4. PROPIEDAD INDUSTRIAL	4.1. Protección xurídica das invencións. 4.2. Protección do deseño industrial. 4.3. Protección dos signos distintivos.
5. REGULACIÓN DA COMPETENCIA	5.1. Réxime xurídico da publicidade. 5.2. A defensa da competencia . 5.3. A competencia desleal.
6. DEREITO CONCURSAL	6.1. O "precurso" de acreedores. 6.2. Declaración do concurso. 6.3. Administración concursal. 6.4. Masas concursais. 6.5. Solución do concurso. 6.6. Calificación e conclusión do concurso. 6.7. O mecanismo de segunda oportunidade.

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Lección maxistral	49	111	160
Resolución de problemas	20	43	63
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos da materia obxecto de estudo, as súas bases teóricas e, en ocasións, as directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que debe desenvolver o estudante.
Resolución de problemas	Actividade na que se plantexan e resolven dúbidas, e se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados.

Atención personalizada

Methodologies	Description
Resolución de problemas	Atenderánse as dúbidas e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe, tanto de forma presencial (na aula e nas titorías), como de forma non presencial (a través do correo-e ou do campus virtual). As titorías do profesorado da materia poden consultarse e/ou solicitarse nas seguintes ligazóns: http://dereito.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/roberto-couto-calvino/ http://dereito.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/juan-manuel-rios-sanchez/ http://dereito.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/sara-menor-conde/

Avaliación

	Description	Qualification	Training and Learning Results
Exame de preguntas obxectivas	Proba que consiste na explicación de puntos concretos dos contidos da materia. Avalía o grao de coñecemento adquirido respecto dos temas indicados no apartado "resultados da aprendizaxe" desde unha perspectiva principalmente teórica. A proba inclúe o desenvolvemento por escrito dos elementos concretamente requiridos. O alumnado suxeito ao sistema de avaliación continua deberá realizar dúas probas deste tipo: unha de carácter non liberatorio a mediados do cuadrimestre que computará ao 30% e outra ao final, sobre a totalidade dos contidos, que computará ao 40%.	70	A3 B1 C3 A4 B2 C4 A5 B4
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba que consiste na resolución de un ou varios exercicios prácticos na que o enfoque principal se poñe na aplicación dos contidos da asignatura. Avalía o grao de coñecemento adquirido ao respecto dos temas indicados no apartado "resultados da aprendizaxe" desde un punto de vista principalmente práctico. A proba inclúe a exposición e, no seu caso, o debate sobre os argumentos e conclusións alcanzados no exercicio, que serán tidos en conta para a nota global da mesma. O alumnado suxeito ao sistema de avaliación continua deberá realizar dúas probas deste tipo que computarán ao 15% da cualificación final cada unha delas.	30	A2 B4 C4 D3 A3 D5 A5

Other comments on the Evaluation

SISTEMAS DE AVALIACIÓN

O alumnado poderá optar por un sistema de avaliación continua ou por un sistema de avaliación non continua. Quen se acolla ao primeiro terá a consideración de "asistente"; quen elixa o segundo, a de "non asistente". A opción por un sistema ou outro é libre.

Unha vez superado o prazo dun mes desde o comezo do cuadrimestre no que se imparte a materia, habilitarase un prazo de 10 días hábiles para que o alumnado matriculado manifeste, formalmente, a súa intención de acollerse ao sistema de avaliación continua.

1ª EDICIÓN DAS ACTAS

A) Alumnado ASISTENTE. Durante o período de clases, deberán asistir, participar activamente e entregar puntualmente os exercicios conforme ás indicacións do profesorado. Disto resultará o 30% da nota final. O 70% restante obterase dos dous exames teóricos formados por unha serie de preguntas directas sobre o contido da asignatura: un a mediados do cuadrimestre de carácter non liberatorio e que representará o 30% da cualificación e outro ao final, sobre a totalidade dos contidos, que computará ao 40%. B) Alumnado NON ASISTENTE. A nota obterase nun só exame, composto de dúas partes. A primeira constará dunha serie de preguntas de carácter teórico e computará un 70% da cualificación. A segunda suscitará un ou varios supostos prácticos e computará o 30% restante. As competencias avaliadas son as mesmas que no sistema de avaliación para o alumnado asistente. Os resultados da aprendizaxe son tamén os mesmos que no sistema de avaliación para o alumnado asistente.

2ª EDICIÓN DAS ACTAS A) Alumnado ASISTENTE. Gardarase a nota das prácticas desenvolvidas por avaliación continua, que representará o 30% da cualificación final. O 70% restante obterase dun exame formado por unha serie de preguntas sobre o contido da totalidade da asignatura.

B) Alumnado NON ASISTENTE. Deberá realizar un exame composto dunha parte teórica e outra práctica. A primeira consistirá nunha serie de preguntas directas sobre o contido da asignatura e computará o 70% da nota final. A segunda, nun ou varios exercicios prácticos e contará o 30% restante. As competencias avaliadas son as mesmas que no sistema de avaliación para o alumnado asistente. Os resultados da aprendizaxe son tamén os mesmos que no sistema de avaliación para o alumnado asistente.

FIN DE CARREIRA TODO o alumnado deberá realizar un só exame de estrutura idéntica á prevista nos apartados anteriores para o alumnado NON ASISTENTE. As competencias avaliadas son as mesmas que no sistema de avaliación para o alumnado asistente. Os resultados da aprendizaxe son tamén os mesmos que no sistema de avaliación para o alumnado asistente.

PROBAS DE AVALIACIÓN As datas, horarios e lugar de realización das probas de avaliación das diferentes convocatorias serán os sinalados no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso actual e documentación concordante. As cualificacións publicaranse na plataforma interna ou aula virtual oficial da Universidade de Vigo con acceso limitado ao profesorado da materia e ao alumnado matriculado. De ser necesario, por motivos excepcionais, modificar ou precisar os métodos de avaliación sinalados na Guía, tales modificacións ou precisións publicaranse no mesmo soporte telemático.

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

Broseta Pont, M. y Martínez Sanz, F., **Manual de Derecho Mercantil, vol. I y II**, última edición, Tecnos,

José María de la Cuesta Rute (dir.), **Derecho Mercantil I y II**, última edición, Huygens,

Fernando Sánchez Calero, **Instituciones de Derecho Mercantil**, última edición,

Francisco Vicent Chulià, **Introducción al Derecho Mercantil**, última edición,

Alberto Bercovitz Rodríguez-Cano, **Apuntes de Derecho Mercantil**, última edición,

Manuel Botana Agra y otros, **Lecciones de Derecho Mercantil I**, última edición,

Guillermo Jiménez Sanchez (Coord.), **Lecciones de Derecho Mercantil**, última edición,

Aranzadi West Law,

tirantonline,

Código de comercio y leyes complementarias, última edición,

Complementary Bibliography

Recomendacións

Subjects that continue the syllabus

Dereito de defensa da competencia/O03G081V01923

Dereito mercantil europeo/O03G081V01911

Dereito mercantil II/O03G081V01702

Subjects that it is recommended to have taken before

Dereito: Dereito romano/O03G081V01104

Dereito: Teoría do dereito/O03G081V01102

Historia: Historia do dereito/O03G081V01205

Dereito civil I. Obrigas e contratos/O03G081V01301

Dereito civil II. Dereitos reais/O03G081V01404

IDENTIFYING DATA				
Dereito administrativo II				
Subject	Dereito administrativo II			
Code	003G081V01503			
Study programme	Grao en Dereito			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	6	Mandatory	3	1c
Teaching language	Castelán Galego			
Department	Dereito público			
Coordinator	García Gago, José Javier			
Lecturers	García Gago, José Javier			
E-mail	jjaviergarciag@uvigo.es			
Web				
General description	Parte especial de Dereito Administrativo (expropiación forzosa, responsabilidade patrimonial, propiedades especiais, emprego público...)			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Code	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B3	Ser capaz de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C16	CE20 - Ser capaces de entender correctamente os documentos que integran con carácter xeral un expediente administrativo e de actuar conforme a Dereito nun procedemento, tanto desde da posición da Administración como desde a das persoas e empresas interesadas
C17	CE21 - Coñecer de forma sistemática a nivel introductorio ou de detalle algúns contidos propios da parte especial do Dereito Administrativo, manexando fontes positivas, xurisprudenciais e doutrinais.
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.
D3	Capacidade para a toma de decisións de forma autónoma e independente de liderado e capacidade para o traballo cooperativo en equipo, como habilidades nas relacións interpersoais que favorezan a eficacia interpersoal.
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

Resultados previstos na materia

Expected results from this subject	Training and Learning Results			
Alcanzar unha visión e comprensión do conxunto dos mecanismos e institucións da parte especial do Dereito Administrativo, manexar con soltura o sistema de fontes da materia obxecto de estudo e resolver problemas xurídicos relacionados coa materia obxecto de estudo.	A1	B3	C16	D1
	A2	B4	C17	D3
	A3			D5
	A4			
	A5			

Contidos

Topic
1. A defensa do administrado fronte á actividade administrativa: a xurisdición contencioso-administrativa.
2. O patrimonio das Administracións Públicas.
3. Expropiación forzosa e sistema de responsabilidade patrimonial da Administración

4. Emprego público: introdución ao réxime do persoal ao servizo da Administración.	.
5. As formas da actividade administrativa. Sancións administrativas.	.
6. Outros elementos de Dereito Administrativo especial.	6.1 Introdución ao dereito Administrativo #ambiental.

Planificación			
	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Lección maxistral	30	30	60
Estudo de casos	22.5	38.25	60.75
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	28.25	29.25
*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.			

Metodoloxía docente	
	Description
Lección maxistral	(Grupos A) O profesor exporá os contidos da materia obxecto de estudo, expondo sobre a marcha preguntas e probas obxectivas para resolver oralmente, convidando ás/os estudantes e convidándolles a participar.
Estudo de casos	(Grupos A e *B) Estudaranse casos e formularanse cuestións que os estudantes deberán contestar; en ocasións deberán traer as respostas como resultado de traballo autónomo fóra de aula, e en ocasións buscaranse as respostas na aula.

Atención personalizada	
Methodologies	Description
Lección maxistral	Atenderase aos estudantes ao termo de cada clase, e nas titorías presenciais no despacho de profesor e, por causas xustificadas, previa concertación, en titorías online.
Estudo de casos	Idem
Tests	Description
Exame de preguntas de desenvolvemento	Idem

Avaliación			
	Description	Qualification	Training and Learning Results
Lección maxistral	Avaliarase a capacidade das/os estudantes para responder oralmente preguntas e probas obxectivas orais que o profesor vaia suscitando ao longo da súa exposición e outras dinámicas participativas. Valorarase a participación do estudante, o seu interese e o esforzo por levar a materia ao día. A mera asistencia non valórase. Resultados de aprendizaxe: Alcanzar unha visión e comprensión do conxunto dos mecanismos e institucións da parte especial do Dereito Administrativo, manexar con soltura o sistema de fontes da materia obxecto de estudo e resolver problemas xurídicos relacionados coa materia obxecto de estudo.	30	A1 B3 C16 D1 A2 B4 C17 D3 A3 D5 A4 A5
Estudo de casos	(AVALIACIÓN CONTINUA) Analizaranse casos e formularán cuestións e outras dinámicas de grupo. Valorarase a participación do estudante, o seu interese e o esforzo por levar a materia ao día. Resultados de aprendizaxe: Alcanzar unha visión e comprensión do conxunto dos mecanismos e institucións da parte especial do Dereito Administrativo, manexar con soltura o sistema de fontes da materia obxecto de estudo e resolver problemas xurídicos relacionados coa materia obxecto de estudo.	30	A1 B3 C16 D1 A2 B4 C17 D3 A3 D5 A4 A5

Exame de preguntas de desenvolvemento	(EXAME FINAL) Os estudantes terán que desenvolver por escrito en varias liñas ou parágrafos preguntas curtas (de corte teórico e/ou práctico), podendo utilizar textos legais.	40	A1 B3 C17 D1 A2 B4 D3 A3 D5 A4 A5
	Resultados de aprendizaxe: Alcanzar unha visión e comprensión do conxunto dos mecanismos e institucións da parte especial do Dereito Administrativo, manexar con soltura o sistema de fontes da materia obxecto de estudo e resolver problemas xurídicos relacionados coa materia obxecto de estudo.		

Other comments on the Evaluation

1. AVALIACIÓN CONTINUA

Para os estudantes que opten por avaliación continua, o 40% da cualificación deriva dun exame escrito (art. 20.1.a Regl. 18-4-2023) final sobre o conxunto da materia, e a puntuación restante deriva da participación activa do estudante nas actividades académicas (art. 20.1.d Regl. 18-3-2023) en clases en grupo grande (30%) ou en clases en grupos medianos (30%), cos seguintes mecanismos correctores:

1º.- No caso de que a avaliación da participación activa sexa inferior á cualificación do exame, non se valorará en prexuízo do estudante a cualificación da participación activa.

2º.- Para superar a materia, será necesario obter polo menos 5 puntos sobre 10 tras baremar o conxunto dos conceptos avaliados (avaliación continua e exame final) e, ademais, obter polo menos un 4 sobre 10 no exame final.

A presenza física dun estudante en clase non é mérito algún (a mera asistencia nin se valora nin se controla; non se esixe un número mínimo de asistencias). O simple feito de asistir a clase non é unha actividade que reflecta ningunha actitude nin aptitude do alumno nin favorable nin desfavorable en termos académicos ou intelectuais, nin achega absolutamente ningún dato relevante que sirva para avaliar nin competencias nin habilidades nin o coñecemento e madurez alcanzado respecto dos contidos da materia -que é do que se trata, en definitiva-. En consecuencia, asistir a clase por si só NON SE VALORA. O que si se valora na avaliación continua é a asistencia activa (asistencia + participación de calidade).

Valorarase positivamente en avaliación continua a disposición voluntaria dos alumnos para efectuar lecturas ou traballos complementarios tutorizados polo profesor, así como a participación voluntaria en actividades académicas presenciais complementarias (art. 20.1.b e c Regl. 18-4-2023).

Nos traballos que eventualmente formen parte da avaliación continua, os estudantes poderán utilizar ferramentas de IA de acordo con as seguintes premisas:

1ª.- Deberán ao final do traballo indicar as ferramentas de IA que utilizaron.

2ª.- Xunto a cada ferramenta explicarán o tipo de uso concreto que fixeron dela.

3ª.- Deberán respectar as indicacións máis restritivas que, no seu caso, prevexa o/a profesor-a responsable.

2. AVALIACIÓN GLOBAL

O 100% da cualificación deriva dun exame escrito sobre o conxunto da materia (art. 21.1.a Regl. 18-4-2023)

3. ASPECTOS COMÚNS PARA A AVALIACIÓN CONTINUA E A AVALIACIÓN GLOBAL

a) Non se poderá aprobar a materia en caso de actuacións do estudante contrarias aos deberes contidos nos apartados b, c, d e e do art. 13.2 do R.D. 1791/2010, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario. Iso sen prexuízo da posibilidade adicional de poñer tales feitos en coñecemento dos órganos competentes para os efectos da posible determinación de responsabilidade disciplinaria.

b) Restará puntos o uso por parte do estudante dunha linguaxe oral ou escrita con deficiencias gramaticais, semánticas ou ortográficas.

c) O art. 19.4 do Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade dá docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado desta Universidade preceptúa que:

□A elección dá modalidade de avaliación global correspóndelle a cada estudante, que poderá levala a cabo, durante vos prazos e ou procedemento establecido polo centro. A elección dá modalidade de avaliación global

supón a renuncia ao dereito de seguir avaliándose das actividades da modalidade de avaliación continua que resten e á cualificación obtida ata ese momento en calquera das probas que xa tiveron lugar.

Por tanto, se algún estudante desexa, en consonancia co citado precepto regulamentario, elixir expresamente a modalidade de avaliación global e renunciar á avaliación continua (a pesar de que nesta materia, como xa se explicou, a avaliación continua serve só para mellorar, non para empeorar a cualificación do exame), poderá facelo unha vez superado o prazo dun mes, desde o comezo do cuadrimestre, habilitarase para iso un prazo de 10 días hábiles para deixar constancia a través da plataforma Moovi.

4. ESPECIFICACIÓNS SOBRE OS EXAMES FINAIS

Queda prohibido en exames presenciais o uso de calquera tipo de dispositivo eléctrico ou electrónico; calquera dispositivo deberá permanecer apagado e fóra do alcance do estudante. O incumprimento por parte dun/unha estudante desta regra supoñerá o suspenso cunha cualificación de "0" puntos, sen prexuízo das posibles medidas disciplinarias que resulten pertinentes.

- Primeira opción (maio)/ segunda opción (xullo) / Fin de carreira

O exame será escrito con respostas curtas (de corte teórico e/o práctico) e durante o mesmo poderanse consultar textos legais de acordo con as instrucións facilitadas polo profesor. en fin de carreira, a cualificación depende soamente do exame

5. OUTROS ASPECTOS

- SALVO INSTRUCCIÓN EN CONTRARIO DO PROFESOR, Os ESTUDANTES NON PODERÁN UTILIZAR EN CLASES NINGÚN APARELLO ELECTRÓNICO; CALQUERA TIPO DE APARELLO DE TALES CARACTERÍSTICAS DEBERÁ PERMANECER APAGADO E FÓRA DA VISTA DO ESTUDANTE. SALVO PERMISO EXPRESO EN CONTRARIO QUEDA PROHIBIDO GRAVAR POR CALQUERA MÉTODO A IMAXE E/OU O SON DOS PROFESORES EN CLASES PRESENCIAIS OU VIRTUAIS.

- Nos exames valorarase o logro dos "resultados previstos na materia" plasmados na guía docente, tales como alcanzar unha visión e comprensión do conxunto dos mecanismos e institucións da parte xeral do Dereito Administrativo, manexar con soltura o sistema de fontes da materia obxecto de estudo e resolver problemas xurídicos relacionados coa materia obxecto de estudo.

- As cualificacións publicaranse na plataforma interna ou aula virtual oficial da Universidade de Vigo con acceso limitado ao profesorado da materia e aos estudantes matriculados. De ser necesario, por motivos excepcionais, modificar ou precisar os métodos de avaliación sinalados na guía, tales modificacións ou precisións publicaranse no devandito soporte telemático.

- As titorías poderanse solicitar con cada docente por correo-e; salvo causa de forza maior debidamente xustificada, as titorías serán sempre PRESENCIAIS.

- Para dúbidas concretas con contidos da materia, o estudante debe poñerse en contacto co/a profesor-a que os explicou. Para cuestións xerais, poden dirixirse ao profesor que estea a explicar materia nese momento, quen, en caso de ser necesario, dará traslado ao coordinador da materia. - Os delegados de curso poden dirixirse directamente ao coordinador da materia (Roberto Ou. Bustillo Bolado) no correo-e rbustillo@uvigo.es

- As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado para cada curso académico pola Xunta de Facultade e publicadas na súa web institucional.

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

Leguina Villa, y otros, **Leyes Administrativas**, Última, Tecnos,

PARADA VÁZQUEZ, R., **Derecho Administrativo**, Última,

GARCÍA DE ENTERRÍA, E. /FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, T.R., **Curso de Derecho Administrativo II**, Última,

Complementary Bibliography

Recomendacións

Subjects that continue the syllabus

Xurisdicións contenciosa-administrativa e social/O03G081V01604

Subjects that it is recommended to have taken before

Other comments

Recoméndase ""levar a materia ao día"", e esforzarse a diario, cando as clases terminen en comprender e asimilar os contidos explicados en clase, co auxilio dos textos legais e un manual,

IDENTIFYING DATA				
Dereito do traballo e da seguridade social				
Subject	Dereito do traballo e da seguridade social			
Code	003G081V01504			
Study programme	Grao en Dereito			
Descriptors	ECTS Credits	Choose	Year	Quadmester
	9	Mandatory	3	1c
Teaching language	Castelán Galego			
Department	Dereito público especial			
Coordinator	Fernández Prieto, Marta			
Lecturers	Fernández Prieto, Marta Fernández Prol, Francisca			
E-mail	mfprieto@uvigo.es			
Web	http://http://faitic.uvigo.es/			
General description	Estudo das principais institucións do Dereito do Traballo e da Seguridade Social, desde unha perspectiva fundamentalmente xurídica e orientada por tanto á formación que nesta materia debe adquirirse no Grao en Dereito.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Code				
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.			
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.			
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.			
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.			
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.			
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.			
B3	Ser capaz de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica			
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar			
C9	CE9 - Coñecer o marco normativo regulador das relacións laborais individuais e colectivas e de Seguridade Social			
C10	CE10 - Ser capaz de identificar problemas xurídicos de Dereito do Traballo e da Seguridade Social e abordar a súa solución mediante o manexo e interpretación de fontes e doutrina xudicial			
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.			
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.			

Resultados previstos na materia

Expected results from this subject	Training and Learning Results			
Coñecer, comprender, interpretar e analizar criticamente as principais institucións e fontes do Dereito do Traballo e da Seguridade Social	A1	B1	C9	D1
	A2	B3	C10	D5
	A3	B4		
	A4			
	A5			

Contidos

Topic

PARTE I. INTRODUCCIÓN E FONTES

Tema 1. Concepto e ámbito aplicativo da disciplina

Presupostos configuradores. Especial referencia ao traballo por conta allea e a dependencia. O traballo autónomo. O Estatuto do Traballador Autónomo. O traballador autónomo economicamente dependente. Exclusiones legais. Traballos familiares e servizos benévolos. Conselleiros de sociedades. Funcionarios públicos e demais persoal estatutario. Prestacións persoais obrigatorias. Transportistas. Relacións laborais de carácter especial. Persoal de alta dirección e asimilados. Servidores do fogar familiar. Penados nas institucións penais. Deportistas profesionais. Artistas en espectáculos públicos. Representantes de comercio. Similitude e diferenzas cos axentes mercantís. Traballadores con discapacidade en centros especiais. Avogados en despachos profesionais. Médicos residentes. Outras. Referencia a traballos singulares. Especial consideración ás sociedades laborais e as cooperativas de traballo asociado

Tema 2. Fontes do Dereito do Traballo

Lexislación estatal. A Constitución.- Normas con rango de lei.- Regulamentos.- Normativa das Comunidades Autónomas.- O ámbito de aplicación da Lei do Reino de España. O Regulamento Comunitario 593/2008 (Roma I). O art. 1.4 ET. Normas colectivas. O convenio colectivo. Concepto.- O art. 37 da Constitución. Eficacia do convenio.- Tipoloxía de convenios. Remisión. Lexislación supraestatal. Tratados bilaterais e multilaterais.- Convenios e Recomendacións do OIT.- Normativa da Unión Europea. Outras fontes. Usos e costumes profesionais.- A xurisprudencia e a doutrina xudicial.- Os principios xerais do dereito.- Principios laborais: Respecto aos mínimos, norma máis favorable, condición máis beneficiosa, irrenunciabilidade de dereitos, pro traballador.- O Dereito común.

PARTE II. A RELACIÓN INDIVIDUAL DE TRABALLO

Tema 3. O contrato de traballo

Concepto.- Partes: traballador e empresario.- Capacidade do traballador. A idade.- Estranxeiros e nacionais de Estados membros da Unión Europea.- Nulidade do contrato.- Forma. Presunción de contrato. Copia básica e dereitos de información do traballador.- Período de proba.

Tema 4. Intermediación, empregabilidade, fomento do emprego e relacións triangulares de traballo

Intermediación e empregabilidade. Colectivos de atención prioritaria. Servizos públicos de emprego e axencias de colocación.- Fomento do emprego. Incentivos.- Relacións triangulares de traballo. A descentralización produtiva. Concepto e tipoloxía.- Contratas e subcontratas. Responsabilidade laboral, administrativa e de Seguridade Social. Dereitos informativos.- Cesión de traballadores e tráfico de man de obra.- Empresas de traballo temporal. Requisitos. Contrato de posta a disposición. Contrato de traballo. Relación do traballador coa empresa usuaria.- Sucesión da empresa. Concepto. Responsabilidades solidarias. Facultades dos representantes legais.

Tema 5. Modalidades de contrato de traballo

Contratos indefinidos.- Particularidades en caso de traballo fixo descontinuo.- Cláusulas específicas en contratos indefinidos con incentivos por colectivos. Contratos formativos.- Formación en alternancia con traballo retribuído.- Desempeño de actividade laboral para a adquisición de práctica profesional. Contratos temporais estruturais.- Circunstancias da produción.- Substitución. Contratos temporais de fomento do emprego.- Persoas con discapacidade.- De substitución. Regras xerais aplicables a todos os contratos temporais. Contrato a tempo parcial.- Concepto. Forma.- Voluntariedade. Tránsito á xornada completa e viceversa.- Horas complementarias. O traballo a distancia. Teletraballo

Tema 6. Obrigas e dereitos básicos do traballador

Prestación do traballo.- Dilixencia e rendemento normal.- Obediencia e desobediencia lexisima.- A non concorrencia. Pactos de exclusividade e de permanencia.- Invencións [de servizo] e dereitos de explotación da propiedade intelectual.- Dereitos básicos. Respecto á dignidade, intimidade e protección de datos do traballador e igualdade de trato. Especial atención aos medios telemáticos de vixilancia e control.- O acoso por razón de sexo e o acoso sexual. O acoso moral.- Non discriminación por razón de xénero. Discriminacións directas e indirectas.- Ocupación efectiva.- Formación e promoción profesionais.- Protección de denunciante.

Tema 7. A retribución	Concepto. Clases de salarios. Non discriminación por razón de xénero. Transparencia salarial. Presunción de salario.- Percepcións non salariais.- Estrutura salarial. Salario base e complementos salariais.- Salario mínimo interprofesional.- Absorción e compensación.- Gratificaciónes extraordinarias.- Pago do salario. Mora e anticipos. Documentación.- Aseguramento do pago. O Fondo de Garantía Salarial. Os créditos salariais preferentes. En caso de concurso. Protección procesual común do salario. Inembargabilidade.
Tema 8. A prevención de riscos laborais	A prevención de riscos laborais. A LPRL e a súa normativa de desenvolvemento.- Dereitos e deberes.- Servizos de prevención.- Consulta e participación dos traballadores.- Responsabilidades.
Tema 9. Tempo de traballo	Regulación da xornada de traballo común. Xornada máxima.- Tempos de traballo e tempos de descanso. O dereito á desconexión dixital. Xornadas especiais. Horas extraordinarias. Distribución do tempo de traballo e do descanso. O calendario laboral.- O horario.- Traballo nocturno e a quendas. Descansos semanais e festivos.- Vacacións anuais.- Permisos e outras ausencias do traballo. Xornada e conciliación da vida familiar e laboral. Expedientes de regulación temporal de emprego (remisión tema 12).
